

14 Outubro de 2013 - Revista 941

Revista Se manal

da Rede Galega de Información Xuvenil



EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 9

BOLSAS E AXUDAS / 11

PREMIOS E CONCURSOS / 13

NOVAS DE EMPREGO / 15

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX / 17

EN PORTADA

O IES Praia Barraña de Boiro gaña o concurso Euroscola que permitirá aos mozos converterse en eurodeputados por un día



Martes, 08 Outubro 2013 10:54

O *director xeral de Xuventude e Voluntariado*, Ovidio Rodeiro, participou hoxe na entrega dos diplomas aos gañadores do certame co que colabora a área autonómica.

O concurso consiste nun xogo on line de habilidades, destrezas e coñecementos vinculado a temas europeos, sendo o elixido nesta edición o **Ano Europeo dos Cidadáns 2013**.

Os **obxectivos** principais desta iniciativa son fomentar o uso das novas tecnoloxías como ferramentas educativas e acercar a Unión Europea á mocidade.

Santiago acolleu hoxe a entrega de premios ao equipo gañador de Galicia da **XIX edición do concurso Euroscola**, un certame que convoca a Oficina de Información do *Parlamento Europeo* en España e co que colabora a *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*. O equipo 'TicBoiro' do *IES Praia Barraña de Boiro* foi o gañador na Comunidade autónoma e, polo tanto, un dos dez equipos finalistas de España. Todos eles converteranse en eurodeputados por un día na sede do *Parlamento Europeo* en Estrasburgo, podendo compartir esta experiencia con outros mozos e mozas seleccionados dos outros estados membros da Unión Europea. Tamén contan cunha axuda económica para sufragar parte dos custos da viaxe.

Ademais, a *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* entregou a todos os membros do equipo do *IES de Boiro* un disco duro e diverso material didáctico. Así mesmo, os premiados recibiron material escolar e didáctico outorgado por diversas entidades como o *Consello da Xuventude de España*, a *Secretaría de Estado da Unión Europea* ou o *Instituto de Xuventude de España*.

Euroscola é un concurso convocado pola *Oficina de Información do Parlamento Europeo* en España, en colaboración, coa representación en España, da *Comisión Europea* e a *Secretaría de Estado para a Unión Europea (Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación)*. No certame poden participar todos os centros escolares de Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO), Bacharelato ou Ciclos de Formación Profesional de grao medio establecidos no territorio español.

Trátase dun xogo on line de habilidades, destrezas e coñecementos, vinculado a temas europeos. O elixido para esta edición do concurso foi o **Ano Europeo dos Cidadáns 2013**. Traballouse sobre os dereitos e as vantaxes que teñen os cidadáns europeos e o que significa a cidadanía activa como posibilidade real de participación na construción europea, na que a mocidade ten un papel fundamental.

O concurso desenvolveuse a través dunha plataforma interactiva educativa en internet, na que se diferenciaban dúas fases, unha de

competición e outra final.

Polo tanto, os obxectivos perseguidos con esta iniciativa son fomentar o uso de Internet e das novas tecnoloxías como ferramentas educativas; acercar a Unión Europea aos mozos e mozas; e fomentar a aprendizaxe de linguas europeas, fundamental para conseguir unha Europa unida. Por iso, o concurso desenvolveuse en tres versións lingüísticas: castelán, catalán e inglés.

O coñecemento doutras linguas europeas por parte dos participantes é moi importante porque os gañadores que viaxen no programa 'Euroescola' a Estrasburgo deberán integrarse en reunións parlamentarias, que se desenvolverán en inglés ou francés e nas que non haberá intérpretes.

En definitiva, a participación neste programa é unha experiencia única para que os alumnos dos centros escolares poidan vivir de cerca o proxecto de integración europea. Euroescola é un proxecto pedagóxico de educación en valores.

O segundo equipo galego clasificado foi o colexio Santiago Apóstolo de Ponteareas (Pontevedra); en terceiro lugar, o IES Francisco Asorey, de Cambados (Pontevedra); e en cuarto e quinto posto respectivamente o IES Manuel García Barros, da Estrada (Pontevedra) e o Colexio Santo Domingo da Coruña.

Benestar organiza o Congreso Internacional de Xuventude en Ribeira os próximos 25 e 26 de outubro

Martes, 08 Outubro 2013 11:03

A temática incidirá na importancia da educación non formal para a adquisición de competencias, aptitudes e destrezas que favorezan as posibilidades de empregabilidade. Busca ser un lugar de encontro no que os mozos e mozas sexan os verdadeiros protagonistas.

O **prazo** de inscrición xa está aberto e prolongarase ata o **18 de outubro**.

Está aberto a membros de asociacións xuvenís, mozos e mozas que participaron nalgún **programa de Xuventude**; emprendedores, concelleiros e técnicos; animadores socioculturais; educadores; mediadores xuvenís; e, en xeral, a todas aquelas persoas interesadas nesta materia.

A *Consellería de Traballo e Benestar* organizará os días 25 e 26 de outubro en Ribeira (A Coruña) un Congreso Internacional de Xuventude baixo o lema '*Da educación non formal ao emprego e ao emprendemento*'.

A **temática** do congreso incidirá na importancia da educación non formal para a adquisición de competencias, aptitudes e destrezas que favorecen as posibilidades de empregabilidade das persoas mozas.

O compromiso e a participación dos mozos e mozas nos programas de Xuventude, tanto a nivel individual, como a través de grupos informais ou asociacións, favorece a adquisición de coñecementos, habilidades e actitudes que contribúen ao seu desenvolvemento persoal.

A iniciativa quere ser un lugar de encontro no que os mozos e mozas sexan os verdadeiros protagonistas, comunicando e comentando as súas experiencias, como participantes en distintos programas, servindo de modelo a seguir por outros.

Os **obxectivos** son os de proporcionar á mocidade unha visión dos distintos modelos e ou programas que desde a participación poidan favorecer e aumentar as súas competencias, servir de lugar de encontro no que os participantes en distintos programas de xuventude poñan en valor as súas experiencias e poñer en valor a educación non formal e informal como factores facilitadores de emprego e de resposta ás necesidades de cada momento.

Este evento está aberto a membros de asociacións xuvenís, mozos e mozas que participaron nalgún programa da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*; emprendedores, concelleiros e técnicos de xuventude; animadores socioculturais; educadores; mediadores xuvenís; empresarios; e, en xeral, a todas aquelas persoas interesadas nesta materia.

A **inscrición** está aberta a través da plataforma: <http://xuventude.xunta.es> ata o vindeiro día **18 de outubro**.

Un grupo de mozos e mozas de Lalin desenvolven un proxecto de voluntariado xuvenil de acompañamento a persoas maiores



Martes, 08 Outubro 2013 11:50

O *director xeral de Xuventude e Voluntariado*, Ovidio Rodeiro, reuniuse hoxe cos voluntarios e directivos de APALAC, e trasladoulles o seu agradecemento pola súa participación neste “*programa pioneiro*”. Rodeiro tamén visitou aos outros 8 voluntarios xuvenís que colaboraron este verán en diferentes programas culturais, deportivas, sociais e xuvenís do concello de Vila de Cruces.

O *programa de Voluntariado Xuvenil* acadou en 2013 a súa terceira edición cun orzamento de 440.000 euros, máis do dobre que o ano anterior.

Os mozos e mozas que participen nesta actividade poden solicitar unha certificación oficial da experiencia adquirida, que aumentará as súas oportunidades de acceder a un posto de traballo.

Un grupo de sete mozos e mozas desenvolven en Lalín un proxecto enmarcado no programa de voluntariado xuvenil da *Consellería de Traballo e Benestar*, que consiste no acompañamento a maiores e no fomento da participación nas actividades que organiza a *Asociación para a protección dos anciáns de Lalín e a súa comarca* (APALAC).

A iniciativa pretende integrar a estes dous sectores da poboación moi distanciados pola diferenza de idade pero moi próximos en canto ás tradicións e cultura que comparten. O **obxectivo** xeral é o de mellorar a calidade de vida, o benestar e o estado de ánimo dos maiores. Para conseguilo, os maiores e os voluntarios realizan xuntos actividades como a asistencia a festas e feiras da comarca, a concertos musicais, a realización de paseos terapéuticos ou saídas a diferentes zonas turísticas e culturais de interese. Ademais, tamén organizan grupos de conversación, de memoria, de estimulación cognitiva e talleres de manualidades e de música. En total, os voluntarios xuvenís de APALAC están a realizar desde principios de xuño e ata o vindeiro 15 de outubro un total de 370 xornadas de acción voluntaria.

O *director xeral de Xuventude e Voluntariado*, Ovidio Rodeiro, reuniuse hoxe cos voluntarios e directivos de APALAC, e trasladoulles o seu agradecemento pola súa participación neste “*programa pioneiro a nivel nacional, que fomenta o compromiso social directo dos mozos e mozas nas actividades que desenvolven as entidades de acción voluntaria e os concellos*”.

De seguido, Rodeiro tamén visitou aos outros 8 voluntarios xuvenís que colaboraron este verán en diferentes programas culturais, deportivas, sociais e xuvenís do concello de Vila de Cruces, ata completar un total de 480 xornadas de acción voluntaria.

Estes mozos e mozas remataron en setembro a súa colaboración en actividades municipais como os campamentos de verán, a ludoteca, rotas de sendeirismo ou diversos obradoiros como os de alfabetización, papiroflexia ou de manexo de teléfono móbiles.

O *programa de Voluntariado Xuvenil* acadou en 2013 a súa terceira edición cun orzamento de 440.000 euros, máis do dobre que o ano anterior. Permite que os mozos e mozas de Galicia poidan desenvolver máis de 31.000 xornadas de acción voluntaria en 46 concellos e 61 entidades diferentes.

Ademais, os mozos e mozas que participen nesta actividade poden solicitar unha certificación oficial da experiencia adquirida, que aumentará as súas oportunidades de acceder a un posto de traballo. Esta é unha das novidades e vantaxes da *Lei de Acción Voluntaria de Galicia* aprobada por unanimidade no *Parlamento de Galicia* en novembro de 2011.

Un proxecto de Iniciativa Xove converterá esta semana o barrio dos Mallos da Coruña nunha gran galería de arte

Mércores, 09 Outubro 2013 00:00

O *director xeral de Xuventude e Voluntariado*, Ovidio Rodeiro, participou hoxe nunha das actividades deste proxecto, concretamente nun obradoiro de mobles realizados con cartón.

O responsable de Xuventude indicou que “*este é un programa onde a Administración non lle di aos mozos e mozas o que teñen que facer, senón que o que lles pide son propostas para despois apoialas, tratando de que a burocracia ceda o protagonismo á xuventude*”.



Na área metropolitana da Coruña, un total de 4 asociacións xuvenís e 5 grupos informais de mozos e mozas participan este ano no programa Iniciativa Xove, cun investimento de preto de 32.000 euros.

O grupo informal de mozas e mozos *'Topografías Vivas'* está a desenvolver un proxecto de dinamización cultural no barrio coruñés dos Mallos, que se enmarca dentro do *programa Iniciativa Xove* da *Consellería de Traballo e Benestar*.

Este proxecto desenvolverase ao longo de toda a semana e os integrantes interactuarán e intervirán en diferentes zonas, utilizando os espazos públicos do barrio como unha gran galería de arte.

O *director xeral de Xuventude e Voluntariado*, Ovidio Rodeiro, participou hoxe nunha das actividades deste proxecto, concretamente nun obradoiro de mobles realizados con cartón. Rodeiro destacou que *"Iniciativa Xove é a maior aposta da administración autonómica por impulsar a participación xuvenil activa, e facer da mocidade os auténticos protagonistas"*.

O responsable de Xuventude indicou que *"este é un programa onde a Administración non lle di aos mozos e mozas o que teñen que facer, senón que o que lles pide son propostas para despois apoialas, tratando de que a burocracia ceda o protagonismo á xuventude"*. Ademais, este programa tamén permite *"descubrir a creatividade e potenciar o talento dos líderes do futuro"*.

Na área metropolitana da Coruña, un total de 4 asociacións xuvenís e 5 grupos informais de mozos e mozas participan este ano no programa Iniciativa Xove. Ademais das cinco procedentes da cidade, estas entidades tamén pertencen aos municipios de Culleredo (2), Bergondo e Betanzos. O investimento total para apoiar estes proxectos supera os 31.600 euros.

O programa financia o cen por cen do investimento no proxecto xuvenil, ata un máximo de 4.000 euros e os proxectos aprobados reciben un adianto do 80% do seu orzamento antes de realizar a actividade, para que a falta de liquidez non sexa un obstáculo para ninguén.

En *Iniciativa Xove* poden participar tanto asociacións formalmente constituídas como grupos informais de mozos e mozas, e permite que a xuventude galega poida organizar, emprender e impulsar actividades onde os actores principais son eles mesmos.

Xuventude apoia na comarca do Sar un plan de voluntariado xuvenil que está a mellorar a mobilidade de persoas con enfermidade mental

Mércores, 09 Outubro 2013 00:00

O *director xeral de Xuventude e Voluntariado*, Ovidio Rodeiro, visitou hoxe aos membros do colectivo Andaina pro Saúde Mental e aos voluntarios que desenvolven o **programa 'Móvete'**.

Os participantes recibirán unha certificación oficial da experiencia adquirida segundo establece a nova Lei de Acción Voluntaria que



aprobou a Xunta en 2011.

Rodeiro destacou que o programa de voluntariado xuvenil da Xunta, que foi pioneiro en España, aposta polo compromiso social directo da mocidade.

Esta iniciativa conta este ano cun orzamento de preto de 450.000 euros, un 110 por cento máis que en 2012, o que permitirá que os mozos realicen máis de 31.000 accións voluntarias en 46 concellos e 61 entidades de Galicia.

A *Consellería de Traballo e Benestar* está a apoiar, a través do seu programa de voluntariado xuvenil, un proxecto na localidade de Dodro que está a coordinar a asociación Andaina pro Saúde Mental e que está a permitir mellorar a mobilidade de persoas con enfermidade mental. Un equipo de 8 mozos e mozas é o que está a realizar esta iniciativa na comarca do Sar que rematará nos próximos días. Desde agosto permitiu a posta en marcha de 200 xornadas de acción voluntaria.

O *director xeral de Xuventude e Voluntariado*, Ovidio Rodeiro, visitou hoxe nesta localidade coruñesa aos membros do colectivo e aos voluntarios da iniciativa **'Móvete'** que está a ofrecer aos usuarios con enfermidades mentais de Andaina a oportunidade de saír do seu contorno familiar para participar en actividades deportivas, culturais e de ocio. Así mesmo, estase a mellorar a condición física destas persoas e aumentando as súas relacións sociais, ao tempo que se está a estimular o funcionamento cognitivo e promovendo a curiosidade e o interese destas persoas por tomar parte en actividades diferentes das usuais.

Rodeiro destacou que esta actuación forma parte do programa de voluntariado xuvenil que puxo en marcha a *Consellería de Traballo e Benestar* de forma pioneira en España. *"É o primeiro programa en toda España que aposta polo compromiso social directo da mocidade"*, apuntou o director xeral, quen explicou que esta iniciativa fomenta a incorporación dos mozos e mozas nas actividades que desenvolven tanto as entidades de acción voluntaria como os concellos.

Os participantes recibirán unha certificación oficial da experiencia adquirida, tal e como quedou fixado na nova *Lei de Acción Voluntaria que aprobou a Xunta en 2011* por unanimidade.

Este programa conta este ano cun orzamento de preto de 450.000 euros, un 110 por cento máis que en 2012, o que permitirá, segundo destacou Rodeiro, que os mozos e mozas realicen máis de 31.000 xornadas de acción voluntaria en 46 concellos e 61 entidades.

EN PORTADA ➔ NOVAS E ACTIVIDADES

Xornadas Oleiros a Pé: Patrimonio Natural e Cultural da Beiramar



Martes, 08 Outubro 2013 06:55

O Concello de Oleiros, en colaboración co CEIDA, organiza neste mes de outubro as **Xornadas OLEIROS A PÉ**, unha actividade de divulgación ambiental que pretende poñer en valor o patrimonio natural e cultural da franxa litoral de Oleiros.

A actividade contará coa realización de dous roteiros guiados por zonas de especial valor natural, histórico e cultural do Concello:

- Xoves 17 de outubro. Porto e Illa de Santa Cruz.
- Venres 18 de outubro. Monumento Natural Costa Dexo-Serantes e Aula do Mar.

A **inscrición** é de balde.

Máis información:

- <http://www.ceida.org/formacion/xornadas-oleiros-pe-patrimonio-natural-cultural-da-beiramar-0.html>

"JOBS" - Emprendemento, xuventude e tecnoloxía- . Cineforum empresarial.



Martes, 08 Outubro 2013 08:36

Ao abeiro do **proxecto Emrende**, o vindeiro **15 de outubro de 2013** celebrarase un Cineforum empresarial **"JOBS" - Emprendemento, xuventude e tecnoloxía-**, organizado pola pola **Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado** en colaboración con APD (Asociación para el progreso de la dirección).

- **Data:** 15 de outubro de 2013
- **Horario:** de 18:30 a 21:30 h
- **Lugar:** Cines Gran Vía, Centro comercial Gran Vía, R/ Milladoiro, 2 (Vigo)
- **Dirixido a:** mozos e mozas entre 18 e 35 anos preferentemente.

- **Inscrición:** mediante formulario electrónico. As prazas serán cubertas por rigorosa orde de inscrición **ata completar aforo**. Os/as solicitantes que obteñan praza seralle comunicado mediante correo electrónico. No caso de non recibir un correo electrónico de confirmación da praza, enténdese que non a obtivo.

Steve Jobs. - A figura de Steve Jobs, unha das persoas máis influíntes deste século, converterase no punto de partida para abrir o debate e recoller accións e iniciativas de emprendemento, xuventude e tecnoloxía.

Jobs pódese considerar como un referente para os emprendedores, un exemplo de motivación para os mozos e mozas que pretendan emprender, e unha referencia para todos os interesados en xeral no ámbito da tecnoloxía, o marketing e a innovación.

"A innovación é o que distingue a un líder dun seguidor" (Steve Jobs).

A película está protagonizada por Ashton Kutcher quen da vida á personaxe de Silicon Valley, mostrando os momentos máis decisivos da vida deste controvertido persoeiro, as súas motivacións e ás persoas que compartiron con el a súa andaina vital. Durante 122 minutos farase un percorrido pola vida dun mozo que se propuxo cambiar o mundo e a forma de interrelacionarse nel.

Proxecto Emrende.- Esta iniciativa enmárcase no **proxecto Emrende**, actividade 3 (Formación para emprendedores xuvenís, acción 2 Cursos de formación presenciais), financiado polo programa de cooperación transfronteiriza Galicia – Norte de Portugal (POCTEP), que ten como obxectivo principal fomentar a creación de empresas, de emprego e autoemprego para mozos e mozas, promovendo actividades que convertan o espazo de cooperación transfronteirizo nun marco atractivo para novas actividades económicas e empresariais.

Colaboran neste proxecto a *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, o *Instituto Português da Juventude*, a *Confederación Empresarios de Galicia*, a *Federación Nacional de Asociaciones Juveniles de Portugal* e a *Fundación Galicia Europa*.

Máis información:

xuventude@xunta.es - 981 544645

- Folleto: http://xuventude.xunta.es/uploads/Tarxeton_Vigo_Xuventude1.pdf

- Formulario de Inscrición: <http://xuventude.xunta.es/2013022611621/cineforum-vigo-08102013.html>

Animación Cultural no ESPAZO XOVE DE VILAGARCIA

Mércores, 09 Outubro 2013 08:21

A **Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado** convoca un **curso de Animación Cultural no ESPAZO XOVE DE VILAGARCIA**, dentro do **Plan de Formación para a Rede Galega de Centros de Xuventude 2013**.

- **Obxectivo:** organizar, dinamizar e avaliar proxectos de animación cultural.
- **Destinatarios:** persoal da Rede Galega de Información Xuvenil e mocidade de 18 a 30 anos que dispoñan do Carné Xove.



• **Criterios de selección:** a selección virá dada pola orde de presentación de solicitudes, tendo prioridade na admisión o Persoal da Rede Galega de Información Xuvenil e mocidade de 18 a 30 anos en posesión do carné xove.

• **Contidos:**

1. Pedagogía da intervención cultural.
 2. Desenvolvemento de proxectos de animación cultural.
 3. Recursos da animación cultural
- Duración: 80 horas.

• **Número de prazos:** 30

• **Metodoloxía:** O curso realízase na modalidade a distancia, con un exame presencial que terá lugar no Espazo xove de Vilagarcía.

• **Datas de realización:** do 4 de novembro ao 13 de decembro de 2013.

• **Exame final presencial:** O exame final terá lugar o 13 de decembro de 18.00 a 19.00 horas, no Espazo Xove de Vilagarcía.

• **Prazo e lugar de inscrición:**

O prazo de inscrición remata as 14.00 horas do **25 de outubro de 2013**.

A **inscrición** no curso realizarase mediante o seguinte formulario de solicitude:

- **Formulario de solicitude:** <http://xuventude.xunta.es/2013022611639/pilar-acebedo-21111949.html>

Máis información:

Espazo Xove de Vilagarcía: Casa da Xuventude de Vilagarcía

C/ Juan Carlos I 37, 36600 Vilagarcía de Arousa

Tel.: 986.50.15.68

Correo electrónico: cxvilagarcia.traballo@xunta.es

Curso de Orientación laboral e promoción da calidade na información para o emprego en Santiago



Mércores, 09 Outubro 2013 08:46

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca un **Curso de Orientación laboral e promoción da calidade** na información para o emprego, no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, dentro do Plan de Formación para a Rede Galega de Información Xuvenil 2013.

• **Obxectivo do curso:** facilitar información e orientación laboral e promover a calidade da formación profesional para o emprego.

• **Destinatarios/as:** Persoal da Rede Galega de Información Xuvenil, mocidade de 18 a 30 anos en posesión do carné xove e outras persoas interesadas no tema.

• **Criterios de selección:** a selección virá dada pola orde de presentación de solicitudes, tendo prioridade na admisión o Persoal da Rede Galega de Información Xuvenil e mocidade de 18 a 30 anos en posesión do carné xove.

• **Número de horas:** 30

• **Número de prazos:** 30

• **Contidos:**

Análise do perfil profesional.

A información profesional. Estratexias e ferramentas para a busca de emprego.

Calidade das accións formativas. Innovación e actualización docente.

• **Metodoloxía:** o curso será impartido en modalidade a distancia, cun exame final presencial de asistencia obrigada, que terá lugar no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, en Santiago de Compostela.

Datas de realización: do 5 de novembro ao 5 de decembro de 2013

• **Exame final presencial:** día 5 de decembro, de 12.00 a 13.00 horas.

• **Prazo e lugar de inscrición:** O prazo de presentación de solicitudes remata ás 14 horas do 25 de outubro de 2013.

A inscrición no curso realizarase mediante o seguinte formulario de solicitude:

- **Formulario de inscrición:** <http://xuventude.xunta.es/2013022611642/maria-uxia-de-ribeira.html>

Máis información:

Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil

Praza do Matadoiro, s/n. Santiago de Compostela

Teléfono: 881997604/ 881997607

Curso de Fomento e Apoio Asociativo en Santiago de Compostela



Mércores, 09 Outubro 2013 09:06

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado dentro do Plan de Formación para a Rede Galega de Información Xuvenil 2013, convoca o **Curso De Fomento E Apoio Asociativo** en Santiago de Compostela

• **Obxectivos:** Proporcionar ferramentas que favorezan o fomento e apoio asociativo.

• **Destinatarios/as:** Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil.

• **Criterios de selección:** Terán preferencia as persoas que teñan feito o curso de especialista en

información xuvenil de 300 horas.

• **Número de horas:** 50

• **Número de prazos:** 40

• **Contidos:**

- Utilización das estruturas asociativas.

- Aplicación de técnicas de grupo participativas na intervención comunitaria.

- Manexo de grupo nas asociacións.

- Aplicación de procesos de apoio dos profesionais nas entidades sociais.

• **Modalidade:** A distancia, con examen presencial que terá lugar no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil (Santiago de Compostela) o día 27 de novembro ás 12.00 h.

- **Data de realización do curso:** Do 28 de outubro ao 27 de novembro de 2013.
- **Proba final:** Exame presencial o día 27 de novembro ás 12.00 h.
- **Prazo e lugar de inscrición.** O prazo de presentación de solicitudes rematará o 24 de outubro de 2013 as 14.00 h, e realizarase a través da ficha de inscrición.
- **Formulario de inscrición:** <http://xuventude.xunta.es/2013022611645/tui-09102013.html>
- Máis información: *Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil*
- Praza do Matadoiro s/n, 15703 - Santiago d Compostela
- Teléfono: 881 997 604/07
- Correo electrónico: oixuventude.traballo@xunta.es

Representación das obras finalistas de teatro do certame Xuventude Crea 2013



Xoves, 10 Outubro 2013 10:58

No marco do **certame Xuventude Crea 2013**, os vindeiros días **23, 24 e 25 de outubro** terán lugar as representacións das seis obras finalistas da especialidade de teatro.

- **Lugar:** Salón Teatro (rúa Nova, 34, Santiago)

23 de outubro

- 17:00 horas :Teatro da Falúa, coa obra **"Unha noite na terra"**
- 20:30 horas: Tolemia Teatro, coa obra **"Soños dun sedutor"**

24 de outubro:

- 17:00 horas Pinchacarneiro Teatro, coa obra **"Proxecto 45"**
- 20:30 horas: Las Civas, coa obra **"XX"**

25 de outubro:

- 17:00 horas: Non si? Teatro, coa obra **"Turandot"**
- 20:30 horas Asociación Cultural A Panadaría, coa obra **"Bang, bang, bang"**

ENTRADA DE BALDE

Foro 'Emprender dende a tradición á tecnoloxía'



Xoves, 10 Outubro 2013 12:38

A *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia* en colaboración coa *Federación Galega de Xoves Empresarios (Fegaxe-Aje Galicia)* organiza o foro de emprendemento transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal *"Emprender dende a tradición*

á teconolxía".

- **Data:** 30 de outubro de 2013
- **Lugar:** Confederación de empresarios de Ourense (CEO). Praza das Damas, 1 (Ourense)
- **Destinatarios:** mozos e mozas con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos de idade
- **Obxectivos:**
 - Ser vehículo canalizador e de intercambio de ideas e proxectos.
 - Ser espazo de intercambio de experiencias, sinerxías e coñecementos empresariais entre Galicia e Norte de Portugal.
 - Poñer en contacto emprendedores con necesidades comúns en ambos os dous países.
 - Dotar de ferramentas útiles aos asistentes para desenvolver proxectos emprendedores nos seus respectivos ámbitos e fóra deles.
 - Rondas de networking sectoriais onde aproveitar sinerxías e contactos útiles para cada uno dos axentes implicados no emprendemento.
- **Inscrición:** foro é gratuito para tódolos participantes, ata cubrir o aforo.

Para poder participar é obrigatorio a inscrición, enviando un correo ao seguinte enderezo: gerencia@fegaxe.com ou chamando ao teléfono 608 905 804.

Proxecto EMPRENDE.- Esta iniciativa enmárcase no *proxecto Emprende*, actividade 3 (*Formación para emprendedores xuvenís, acción 2 Cursos de formación presenciais*), financiado polo programa de cooperación transfronteiriza Galicia – Norte de Portugal (POCTEP), que ten como obxectivo principal fomentar a creación de empresas, de emprego e autoemprego para mozos e mozas, promovendo actividades que convertan o espazo de cooperación transfronteirizo nun marco atractivo para novas actividades económicas e empresariais.

Colaboran neste proxecto a *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, o *Instituto Português da Juventude*, a *Confederación Empresarios de Galicia*, a *Federación Nacional de Asociaciones Juveniles de Portugal* e a *Fundación Galicia Europa*.

A **finalidade** deste foro é potenciar o emprendemento poñendo de manifesto as ferramentas e accións para desenvolver todo o potencial das iniciativas e dos proxectos emprendedores galegos e portugueses. Pretendese establecer lazos fortes entre emprendedores de ambos dous territorios e cubrir as necesidades, descubrir as oportunidades e intercambiar experiencias e coñecemento .

- **Programa:** <http://xuventude.xunta.es/uploads/OURENSE.jpg>

Actividades formativas para mocidade no Concello de Santiago



Venres, 11 Outubro 2013 06:48

OBRADOIRO ARTESANÍA, XOIAS, E COMPLEMENTOS

Taller impartido polo artesán Alberto Vila.

- **Datas de realización:** 24 e 25 de outubro
- **Horario:** Xoves e venres de 18 a 21 h.
- **Duración:** 6 h.
- **Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche
- **Destinatarios:** Mozos e mozas, a partir de 14 anos.
- **Prezo:** De balde

OBRADOIRO DE PEQUENOS AGASALLOS

Taller impartido polo artesán Alberto Vila.

- **Datas de realización:** Xoves e venres de 26 e 27 decembro
- **Horario:** Xoves e venres de 18 a 21 h.
- **Duración:** 6 h.

- **Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche / Centro Xuvenil Don Bosco
- **Destinatarios:** Mozos e mozas, a partir de 14 anos.
- **Prezo:** De balde

CURSO DE BÚSQUEDA ACTIVA DE EMPREGO

Con esta actividade formativa pretendemos capacitar aos mozos e mozas da cidade para que adquiren competencias na búsqueda activa de emprego.

- **Datas de realización:** 29 e 31 de outubro, 5 e 7 de novembro
- **Horarios:** Martes e xoves, de 17 a 20 h.
- **Duración:** 12 h.
- **Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche
- **Destinatarios:** Mozos e mozas de 16 a 35 anos.
- **Prezo:** De balde

CURSO DE EMPRENDEMENTO XUVENIL

Neste curso informarase sobre os pasos e procedementos para constituír unha empresa, os diferentes tipos de empresa que se poden constituír, as axudas que se poden obter de cara a poñer en marcha o proxecto e os organismos de apoio para os novos/as empresarios/as.

- **Datas de realización:** Por determinar
- **Horarios:** Por determinar
- **Duración:** 12 h.
- **Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

- **Destinatarios:** Mozos e mozas de 16 a 35 anos.
- **Prezo:** De balde

CURSO DE REDES SOCIAIS PARA USUARIOS CON POUCA EXPERIENCIA

- **Datas de realización:** 25 e 27 de novembro e 2, 4, 9 e 11 de decembro
- **Horario:** Luns e mércores de 17 a 20 h.
- **Duración:** 18 h.
- **Lugar:** Casa das Asociacións de Cornes
- **Destinatarios:** Mozos e mozas, a partir de 16 anos
- **Prezo:** De balde

CURSO de INICIACIÓN Á PINTURA PAISAXÍSTICA

Actividade que se realiza cos alumnos de bacharelato artístico do IES de Sar, a cargo do artista Xoti de Lois. Preténdese achegar aos participantes á pintura de paisaxe a través de obras de reputados pintores de diferentes estilos e épocas.

- **Datas de realización:** Do 10 de outubro ao 28 de novembro
- **Horario:** Luns e xoves 17 a 19h.
- **Duración:** 30 h.
- **Lugar:** IES de Sar
- **Destinatarios:** Alumnos do bacharelato artístico
- **Prezo:** De balde

CONVERSAS EN INGLÉS

- **Datas de realización:** Do 16 de outubro ao 18 de decembro
- **Horario:** Mércores de 18 a 20 h.
- **Duración:** 20 h.
- **Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche.
- **Destinatarios:** Mozos e mozas, a partir de 16 anos.
- **Prezo:** De balde

CURSO DE INICIACIÓN Á FOTOGRAFÍA DIXITAL

- **Datas de realización:** 15, 16, 22 e 23 de novembro
- **Horario:** Venres de 18 a 21 e sábados de 10 a 13 h.
- **Duración:** 15 h.
- **Lugar:** Casa das Asociacións de Cornes
- **Destinatarios:** Mozos e mozas, a partir de 16 anos
- **Prezo:** De balde

CURSO DE INICIACIÓN AO RETOQUE DIXITAL PHOTOSHOP 1

- **Datas de realización:** 26, 29 e 30 de novembro 2013
- **Horario:** Venres de 17 a 21 e sábado de 10 a 14 h.

- **Duración:** 15 h.
- **Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche
- **Destinatarios:** Mozos e mozas, a partir de 16 anos.
- **Prezo:** De balde

TALLER DE COCIÑA DE OUTONO: AS SETAS

- **Datas de realización:** 16 de novembro
- **Horario:** De 10 a 16 h.
- **Duración:** 6 h.
- **Lugar:** Hello Cooking (Rúa de Sar 96, Baixo)
- **Destinatarios:** Mozos e mozas, a partir de 16 anos.
- **Prezo:** 10 €

TALLER DE COCIÑA "NADAL ENTRE AMIGOS"

- **Datas de realización:** 23 de decembro
- **Horario:** de 19 a 21,30h.
- **Duración:** 2,5 h.
- **Lugar:** Hello Cooking (Rúa de Sar 96, Baixo)
- **Destinatarios:** Mozos e mozas, a partir de 16 anos.
- **Prezo:** 10 €

TALLER DE COCIÑA "DOCES DE NADAL"

- **Datas de realización:** 30 de decembro
- **Horario:** de 19 a 21,30 h.
- **Duración:** 2,5 h.
- **Lugar:** Hello Cooking (Rúa de Sar 96, Baixo)
- **Destinatarios:** Mozos e mozas, a partir de 16 anos.
- **Prezo:** 10 €

Máis información no *Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche* (Rúa de Frei Rosendo Salvado nº14-16), Teléfono 981 543 001.

Ampliación do prazo para a documentación das subvencións para ás OMIX

Venres, 11 Outubro 2013 07:17

Amplíase ata o **15 de novembro de 2013** o prazo que, para a presentación da documentación xustificativa da execución do proxecto

subvencionado, se prevé no artigo 14 da Orde do 26 de xuño de 2013 pola que se aproban as bases que reñen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2013 e se procede á súa convocatoria.

DOG do 11 de outubro de 2013 (http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20131011/AnuncioCA05-081013-0001_gl.html)

Promocións Carné Xove: Curso oficial de monitores/as de tempo libre en Pontevedra



Venres, 11 Outubro 2013 11:04

Está aberto o prazo para inscribirse no curso oficial de Monitores/as de tempo libre que se celebrará en Pontevedra, durante as fins de semana de outubro a decembro con importantes descontos según inscrición.

Inscricións e información: etlbarlovento@marexada.es - 670 89 23 07

Máis información:

- http://xuventude.xunta.es/uploads/novas/2013/outubro2013/Curso_de_monitores_de_tempo_libre_barlovento.pdf.

NOVAS FORMACION

CURSOS DA DXXV

Animación Cultural no ESPAZO XOVE DE VILAGARCIA



Mércores, 09 Outubro 2013 08:21

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca **un curso de Animación Cultural** no ESPAZO XOVE DE VILAGARCIA, dentro do Plan de Formación para a Rede Galega de Centros de Xuventude 2013.

- **Obxectivo:** organizar, dinamizar e avaliar proxectos de animación cultural.
- **Destinatarios:** persoal da Rede Galega de Información Xuvenil e mocidade de 18 a 30 anos que dispoñan do Carné Xove.
- **Criterios de selección:** a selección virá dada pola orde de presentación de solicitudes, tendo prioridade na admisión o Persoal da Rede Galega de Información Xuvenil e mocidade de 18 a 30 anos en posesión do carné xove.

• **Contidos:**

1. Pedagogía da intervención cultural.
2. Desenvolvemento de proxectos de animación cultural.
3. Recursos da animación cultural

• **Duración:** 80 horas.

• **Número de prazos:** 30

• **Metodoloxía:** O curso realízase na modalidade a distancia, con un exame presencial que terá lugar no Espazo xove de Vilagarcía.

• **Datas de realización:** do 4 de novembro ao 13 de decembro de 2013.

• **Exame final presencial:** O exame final terá lugar o 13 de decembro de 18.00 a 19.00 horas, no Espazo Xove de Vilagarcía.

• **Prazo e lugar de inscrición:**

O prazo de inscrición remata as 14.00 horas do **25 de outubro de 2013**.

A **inscrición** no curso realízase mediante o seguinte formulario de solicitude

- **Formulario de Solicitude:** <http://xuventude.xunta.es/2013022611639/pilar-acedo-21111949.html>

Máis información:

Espazo Xove de Vilagarcía: Casa da Xuventude de Vilagarcía

C/ Juan Carlos I 37, 36600 - Vilagarcía de Arousa

Telf.: 986.50.15.68

Correo electrónico: cxvilagarcia.traballo@xunta.es

Curso de Orientación laboral e promoción da calidade na información para o emprego en Santiago



Mércores, 09 Outubro 2013 08:46

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca un **Curso de Orientación laboral e promoción da calidade na información para o emprego**, no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, dentro do Plan de Formación para a Rede Galega de Información Xuvenil 2013.

• **Obxectivo do curso:** facilitar información e orientación laboral e promover a calidade da formación profesional para o emprego.

• **Destinatarios/as:** Persoal da Rede Galega de Información Xuvenil, mocidade de 18 a 30 anos en posesión do carné xove e outras persoas interesadas no tema.

• **Criterios de selección:** a selección virá dada pola orde de presentación de solicitudes, tendo prioridade na admisión o Persoal da Rede Galega de Información Xuvenil e mocidade de 18 a 30 anos en posesión do carné xove.

• **Número de horas:** 30

• **Número de prazos:** 30

• **Contidos:**

- Análise do perfil profesional.

- A información profesional. Estratexias e ferramentas para a busca de emprego.

- Calidade das accións formativas. Innovación e actualización docente.

• **Metodoloxía:** o curso será impartido en modalidade a distancia, cun exame final presencial de asistencia obrigada, que terá lugar no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, en Santiago de Compostela.

Datas de realización: do 5 de novembro ao 5 de decembro de 2013

• **Exame final presencial:** día 5 de decembro, de 12.00 a 13.00 horas.

• **Prazo e lugar de inscrición:** O prazo de presentación de solicitudes remata ás 14 horas do **25 de outubro de 2013**.

A inscrición no curso realízase mediante o seguinte formulario de solicitude:

- **Formulario de inscrición:** <http://xuventude.xunta.es/2013022611642/maria-uxia-de-riveira.html>

Máis información:

Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil

Praza do Matadoiro, s/n. Santiago de Compostela

Teléfono: 881997604/ 881997607

Curso de Fomento e Apoio Asociativo en Santiago de Compostela



Mércores, 09 Outubro 2013 09:06

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado dentro do Plan de Formación para a Rede Galega de Información Xuvenil 2013, convoca o **curso de fomento e apoio asociativo** en Santiago de Compostela

• **Obxectivos:** Proporcionar ferramentas que favorezan o fomento e apoio asociativo.

• **Destinatarios/as:** Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil.

• **Criterios de selección:** Terán preferencia as persoas que teñan feito o curso de especialista en información xuvenil de 300 horas.

• **Número de horas:** 50

• **Número de prazos:** 40

• **Contidos:**

- Utilización das estruturas asociativas.

- Aplicación de técnicas de grupo participativas na intervención comunitaria.

- Manexo de grupo nas asociacións.

- Aplicación de procesos de apoio dos profesionais nas entidades sociais.

• **Modalidade:** A distancia, con examen presencial que terá lugar no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil (Santiago de Compostela) o día 27 de novembro ás 12.00 h.

• **Data de realización do curso:** Do 28 de outubro ao 27 de novembro de 2013.

• **Proba final:** Exame presencial o día 27 de novembro ás 12.00 h.

• **Prazo e lugar de inscrición.** O prazo de presentación de solicitudes rematará o **24 de outubro** de 2013 as 14.00 h, e realízase a través da ficha de inscrición.

– Formulario de inscrición:

Máis información:

Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil

Praza do Matadoiro s/n, 15703 - Santiago de Compostela

Teléfono: 881 997 604/07

Correo electrónico: oixuventude.traballo@xunta.es

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Curso de comunicación pictórica en Compostela



Martes, 08 Outubro 2013 14:17

Reina D'Hoore imparte na galería de arte Bus Station de Santiago de Compostela un curso de comunicación pictórica cuxos obxectivos son aprender e identificar como comunicámonos e como escoitar activamente, descubrir cal é nosa calidade e o noso nivel de escoita.

Utilizando a pintura como modo de comunicación e con ferramentas de coaching, buscarase tomar consciencia de como nos relacionamos, recoñecer os nosos límites e os dos demais cando estamos en diálogo.

O curso desenvolverase o **19 de outubro** de 10.30 a 14.00. O **prezo** é 30 €. os desempregados, estudantes e xubilados, 25 €. Podes reservar a túa praza ata o 17 de outubro en arte@busstationspace.es ou na Galería Bus Station Space, teléfono 625 342 065. Máis información en: www.busstationspace.es.

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Monitor de Tempo Libre en Lugo



Xoves, 10 Outubro 2013 13:21

A Escola Rural de Tempo Libre vai impartir un **curso de monitores de actividades de tempo libre** en Lugo(R/Pintor Corredoira, 4) do 16-11-2013 ao 26-01-2014.

- **Inscripcións:** www.escolaruraldetempolibre.com
- **Dúvidas:** cursos.ertl@gmail.com ; 982220450

Curso de Monitor de Tempo Libre en Mazaricos



Venres, 11 Outubro 2013 14:01

A Escola de Tempo Libre Naturmaz vai impartir un **curso de monitores de actividades de tempo libre** en Mazaricos do 02/11/2013 ao 05/01/2014.

Máis información na Web: www.naturmaz.com

BOLSAS E AXUDAS

CONVOCATORIA XERAL

A USC convoca unha nova edición das Bolsas de Sostibilidade, Participación e Integración Universitar

Xoves, 10 Outubro 2013 11:11

A Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade, a través da Oficina de Desenvolvemento Sostible, oferta este curso **33 bolsas de Sostibilidade, Participación e Integración Universitaria (SPIU)**, 26 para Santiago e 7 para Lugo.

O **prazo** de solicitude permanecerá aberto ata o **21 de outubro**.

As bolsas diríxense á organización, nos centros da USC, de actividades relacionadas co medio ambiente e o desenvolvemento sostible. Esta convocatoria está financiada polo Consello Social da USC.

Máis información: www.usc.es.

Bolsas de formación do CIS para 2014

Xoves, 10 Outubro 2013 11:12

O Centro de Investigacións Sociolóxicas convoca **7 becas para titulados superiores para a formación** en métodos e técnicas utilizados na investigación social aplicada.

A **cuantía** de cada beca será de 12.190 euros anuais.

Máis información BOE do 9 de outubro: www.cis.es, www.cis.es.

BOLSAS E AXUDAS IDIOMAS

Bolsas High School 2014-2015



Mércores, 09 Outubro 2013 06:43

A *Fundación Amancio Ortega* e a *Fundación Barrié* convocan o programa de **bolsas para a realización dun ano académico** en Estados Unidos nun instituto High School en lingua inglesa, promovendo a aprendizaxe e intercambio de culturas.

Convócanse un total de **75 prazas**.

• **Dotación:**

As Bolsas High School cobren a formación nas fases previas á saída, os voos e traslados e a validación

dos estudos realizados no estranxeiro, así como un seguro de responsabilidade civil e de saúde; ademais, as bolsas achegan tamén unha cantidade de diñeiro mensual para gastos menores unha vez en Estados Unidos.

• **Requisitos:**

- Ter cumprido 15 anos antes do 1 de agosto de 2014.
- Ser alumno de 4º da E.S.O. nun centro de Galicia.
- Acreditar nota media mínima de 7,5 en 3º da E.S.O.
- Acreditar nota mínima de inglés de 7 en 3º da E.S.O.
- Presentar certificado de renda familiar.
- Cumprimentar o formulario de inscrición online a través da web: <http://www.becashighschool.org/>.

Os alumnos pre-seleccionados serán convocados pola *Fundación Amancio Ortega* e a *Fundación Barrié* para a realización dunha proba de nivel escrito e de nivel oral e dos seus coñecementos de lingua inglesa.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **18 de novembro de 2013**.

Máis información en: <http://www.becashighschool.org/>.

BOLSAS E AXUDAS FORMACION PRACTICA

Bolsas en investigación social aplicada



Mércores, 09 Outubro 2013 06:56

O *Centro de Investigacións Sociolóxicas, CIS*, convoca **7 bolsas para a formación de postgraduados** nos métodos e técnicas utilizados na investigación social aplicada (<http://www.boe.es/boe/dias/2013/10/09/pdfs/BOE-A-2013-10525.pdf>).

• **Requisitos:** título graduado ou licenciado nos catro anos anteriores.

Os aspirantes á obtención desta bolsa deberán acreditar unha cualificación media final igual ou superior a un 1,8 (segundo o baremo de 1 a 4).

O desfrute das bolsas será entre febreiro e decembro de 2014.

A **contía** individual da bolsa será de 12.190 € anuais.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **24 de outubro de 2013**.

Máis información no BOE do 9 de outubro de 2013 e en: www.cis.es.

Bolsas no Parlamento de Galicia



Luns, 14 Outubro 2013 06:51

O *Parlamento de Galicia* convoca **8 bolsas de formación práctica** (http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaBoletinsOficiais/B90172_2.pdf):

- 4 bolsas de formación en arquivo, biblioteca e documentación.
- 1 bolsa de formación en comunicación institucional.

– 1 bolsa de formación en publicacións.

– 2 bolsas de formación en informática.

As bolsas terán unha **duración** de doce meses.

A **contía** total de cada bolsa será de 1.000 € mensuais.

• **Requisitos:**

1) *Bolsas de arquivo, biblioteca e documentación*: grao ou licenciatura universitaria en Documentación, Xeografía e Historia, ou Historia, ou diplomatura en Biblioteconomía e Documentación.

2) *Bolsa de comunicación institucional*: grao ou licenciatura universitaria en facultades de Ciencias da Comunicación ou de Ciencias

Sociais e da Comunicación.

3) **Bolsa de publicacións:** grao ou licenciatura universitaria en Tradución e Interpretación, na que a lingua de orixe principal da súa combinación lingüística (1ª lingua ou lingua A1) sexa a lingua galega, ou licenciatura en Filoloxía Galega.

4) **Bolsa de informática:** grao ou licenciatura ou diplomatura universitaria en informática.

As titulacións terán que estar obtidas no ano académico 2007-2008 ou en anos posteriores.

O **prazo** para solicitar as bolsas estará aberto ata o **4 de novembro de 2013**.

Máis información no DOG do 14 de outubro de 2013 e no Boletín oficial do Parlamento de Galicia do 4 de outubro de 2013.

Bolsas do Congreso de Deputados sobre comunicación institucional



Luns, 14 Outubro 2013 07:31

O Congreso dos Deputados convoca **catro bolsas individuais** para realizar traballos ou estudos sobre comunicación institucional relacionados coa actividade parlamentaria (<http://www.boe.es/boe/dias/2013/10/12/pdfs/BOE-A-2013-10625.pdf>).

Cada unha das catro bolsas terá unha duración de doce meses, e a súa contía total será de 12.900 €.

• Requisitos:

– Licenciados universitarios españois en Ciencias da Información que finalizasen os estudos con posterioridade a xaneiro de 2009.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **24 de outubro de 2013**.

Máis información no BOE do 12 de outubro de 2013 e en: www.congreso.es.

BOLSAS E AXUDAS

OUTRAS

Contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local



Luns, 14 Outubro 2013 07:04

A Consellería de Traballo e Benestar convoca axudas e subvencións para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local.

• **Entidades beneficiarias:** entidades locais ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a unha Administración local.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **15 de novembro de 2013**.

As solicitudes poden tramitarse en: <https://sede.xunta.es>, co procedemento TR351B

Máis información no DOG do 14 de outubro de 2013.

Axudas contra a drogodependencia



Luns, 14 Outubro 2013 07:48

A Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade convoca axudas a entidades privadas sen fins de lucro e de ámbito estatal, con cargo ao Fondo de bens comisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados (<http://www.boe.es/boe/dias/2013/10/12/pdfs/BOE-A-2013-10643.pdf>).

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **11 de novembro de 2013**.

Máis información no BOE do 12 de outubro de 2013.

PREMIOS E CONCURSOS

XIII concurso de ideas empresariais innovadoras da USC



Martes, 08 Outubro 2013 07:21

A Universidade de Santiago de Compostela a través do seu programa de creación de empresas Uniemprende organiza o **XIII Concurso de Ideas Empresariais Innovadoras**.

• **Destinatarias/os:** a comunidade universitaria galega, que presenten ideas innovadoras susceptibles de converterse en proxectos empresariais a curto e medio prazo.

• **Premios:** Cada un dos 5 premios ten un importe de 600 euros.

Reservaranse tres dos cinco premios para o emprendemento feminino.

• **Prazo:** do 23 de setembro ata o 15 de outubro.

Máis información: <http://www.uniemprende.es/xiii-concurso-de-ideas-empresariais-innovadoras>

XV Premio "Gloria Fuertes" de Poesía Joven (2014)



Martes, 08 Outubro 2013 11:24

A Fundación Gloria Fuertes convoca o **XV Premio "Gloria Fuertes" de poesía Joven (2014)**.

• **Destinatarios/as:** Poderán concorrer ao mesmo poetas e poetisas de calquera nacionalidade, de idades comprendidas entre os 16 e os 25 anos, con libros escritos en lingua castelá non premiados anteriormente en ningún outro concurso.

A **dotación** do Premio "Gloria Fuertes" de Poesía Joven é de 300 euros en metálico, cantidade suxeita ás vigentes retenciones fiscais.

• **Prazo:** Ata o 31 de decembro de 2013.

Máis información: <http://www.gloriafuertes.org/>

XIII Concurso sobre fotografía científica da Uned_ Facultade de Ciencias



Mércores, 09 Outubro 2013 08:15

Convocado pola *Facultade de Ciencias* co fin de fomentar a creatividade científico-artística dos estudantes, persoal de administración e servizos, profesores e público en xeral.

• **Destinatarios/as:** aberto a calquera persoa maior de idade.

• **Prazo de presentación:** ata o 31 de outubro de 2013.

• **Premios:** Primeiro premio: 600.00 euros e diploma. Segundo premio 300.00 euros e diploma. Terceiro premio 150.00 euros e diploma

Máis información en: www.uned.es.

XI Premio de ilustración e narración Pura e Dora Vázquez



Xoves, 10 Outubro 2013 07:29

A Deputación de Ourense convoca a **XI edición do Premio de ilustración e narración "Pura e Dora Vázquez"** de literatura infantil e xuvenil (<http://dpouv2.depourense.es/index.php/es/x-premio-pura-y-dora-vazquez>).

• **Bases modalidade narración:**

A este premio poderán concorrer todos aqueles autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega. Os textos presentados han de ser inéditos e totalmente orixinais.

As obras, cuxa temática será libre pero acaída para o público infantil ou xuvenil, terán unha extensión mínima de 25 páxinas e máxima

de 100 páxinas, formato A4, fonte Times New Roman, tamaño de letra 12 e interliñado 1,5 liñas.

Os concursantes remitirán seis exemplares da obra nun sobre pechado indicando no exterior do paquete "Premio Pura e Dora Vázquez de Narración", ao seguinte enderezo:

Deputación Provincial de Ourense: Rexistro Xeral - Rúa do Progreso, 32, 32003 - Ourense

As obras remitidas irán asinadas exclusivamente con pseudónimo.

Dentro do sobre introdúcese outro sobre pechado en cuxo exterior figurará o pseudónimo do autor e título da obra, e no seu interior os seguintes datos: título da obra, nome, apelidos e pseudónimo do autor, enderezo postal, teléfono, enderezo electrónico e unha fotocopia do DNI.

O **prazo** de admisión de orixinais remata o **31 de decembro de 2013**.

Para esta modalidade de narración establécese un premio de 1.500 €.

• **Modalidade ilustración:**

Poderán concorrer ó premio tódolos ilustradores de calquera nacionalidade que presenten as súas ilustracións inéditas e orixinais, non menos de dez, tomando como base o texto premiado na modalidade de narración deste **X Premio "Pura e Dora Vázquez"** e a el referidas.

As ilustracións deberán adaptarse ao tamaño do libro, que será o seguinte:

a. Ilustración de portada: 145 x 210 mm, tamaño visible da portada co libro pechado, sen sangue. 513,6 x 216 mm tamaño total incluíndo solapas, contraportada e sangue.

b. Ilustracións interiores: 296 x 216 mm dobre páxina con sangue.

O **prazo** de admisión de orixinais remata o **30 de marzo de 2014**.

Os concursantes remitirán as ilustracións nun sobre pechado indicando no exterior do paquete "Premio Pura e Dora Vázquez de Ilustración", ao seguinte enderezo:

Deputación Provincial de Ourense: Rexistro Xeral - Rúa do Progreso, 32, 32003 - Ourense.

As obras remitidas irán asinadas exclusivamente con pseudónimo.

Dentro do sobre introdúcese outro sobre pechado en cuxo exterior figurará o pseudónimo do autor e título da obra, e no seu interior os seguintes datos: título da obra, nome, apelidos e pseudónimo do autor, enderezo postal, teléfono, enderezo electrónico e unha fotocopia do DNI.

Para esta modalidade de ilustración establécese un **premio** de 1.500 €.

Máis información no BOP de Ourense do 10 de outubro de 2013 e en: <http://dpouv2.depourense.es/index.php/es/x-premio-pura-y-dora-vazquez>

PREMIOS E CONCURSOS

EXPOSICIONS, CERTAMES E CONCERTOS

I Certame de Creación IMAXINART 2013 para composteláns



Venres, 11 Outubro 2013 06:34

A Concellaría de Xuventude do Concello de Santiago de Compostela convoca o I Certame de Creación IMAXINART 2013 co obxectivo de promover e premiar a creatividade dos mozos e mozas creadores de Compostela de entre 16 e 30 anos.

A finalidade do concurso é a creación da imaxe corporativa que se vai empregar nos materiais publicitarios das diferentes iniciativas, programas e actividades desenvolvidas por este departamento municipal.

As obras que se presenten ao concurso consistirán na creación da imaxe gráfica da Concellaría de Xuventude, para o que se debe achegar o seguinte material:

- 1- Un logotipo da Concellaría onde se inclúa parte ou todo do seguinte texto: Xuventude
- 2- Un cartel para cada una das seguintes temáticas:

- Programa de actividades
- VII Certame Musicaxove'14 (Este texto debe figurar no cartel que se presente)

O tamaño dos carteis será de 42x30 cm en posición vertical, sobre cartón-pluma, sen marxes e sen montura de ningún tipo para evitar que se combe. O tamaño do logotipo será de 15X15 cm. Tanto os carteis como o logotipo terán que ser presentados tamén en soporte dixital cunha resolución mínima de 300 ppp.

A técnica e as cores empregados serán libres sempre e cando non existan dificultades de cara á súa reprodución.

Na creación da cartelería debe terse en conta que requirirá, de cara á súa publicación, a inclusión do logo creado para este certame e o logo oficial do Concello, elementos que non deben figurar no deseño orixinal.

Cada participante poderá presentar un máximo de dúas obras, ben sexan de creación individual ou en grupo. As obras deberán ser inéditas e non supoñer, en todo ou en parte, copia ou plaxio de escenas fotográficas, carteis ou debuxos xa publicados en calquera das súas formas. Quedarán excluídas se foron premiadas con anterioridade noutros certames ou concursos.

Poderán participar no certame os mozos e mozas de 16 a 30 anos, empadroados en Santiago de Compostela ou que estean realizando os seus estudos nun centro educativo deste municipio.

As obras poderán ser presentadas a título individual ou en grupo, tendo en conta que se debe especificar a parte da autoría que lle

corresponda a cada membro do grupo (logo, imaxe, texto...)

O **premio** do certame consistirá en ser a imaxe da Concellaría de Xuventude, estando presente en todos os elementos promocionais resultantes o nome do premiado.

Ademais o gañador recibirá unha Tablet Kindle Fire HD 8,9 Pantalla HD de 8,9" (22,6 cm), audio Dolby, wifi de dobre banda e dobre antena de 16 GB.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **30 de novembro de 2013**.

Máis información no Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche (Rúa de Frei Rosendo Salvado nº14-16), Teléfono 981 543 001

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PUBLICO

Profesor axudante doutor na Universidade da Coruña

Martes, 08 Outubro 2013 06:25

A *Universidade da Coruña* convoca concurso público pra cubrir unha praza de persoal docente e investigador contratado para o curso académico 2013/14.

O **prazo** para a presentación de instancias estará aberto ata o día 21 de outubro de 2013.

Máis información no DOG do 8 de outubro de 2013 e en: http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/index.html.

Peón condutor para o concello de Mesía

Mércores, 09 Outubro 2013 06:07

O *Concello de Mesía* fai unha convocatoria para cubrir temporalmente unha praza de peón condutor.

As solicitudes poden presentarse ata o **17 de outubro de 2013**.

Máis información na OMIX de Mesía, teléfono 981 687 001.

Axente TIC para o Concello das Pontes

Mércores, 09 Outubro 2013 07:04

O *Concello das Pontes de García Rodríguez* fai unha convocatoria para o nomeamento dun Axente TIC para prestar servizos na Rede CeMIT da Xunta de Galicia no concello das Pontes.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **14 de outubro de 2013**.

Máis información no BOP da Coruña do 9 de outubro de 2013 e na OMIX das Pontes, teléfono 981 440 344

Xuíz de paz para o concello da Laracha

Mércores, 09 Outubro 2013 07:50

O *Concello da Laracha* fai unha convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz de paz sustituto.

Os requisitos para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **28 de outubro de 2013**.

Máis información no BOP da Coruña do 8 de outubro de 2013 e na OMIX da Laracha, teléfono 981 605 001

Técnico deportivo para o Concello de Paderne

Xoves, 10 Outubro 2013 07:08

O *Concello de Paderne* fai unha convocatoria para cubrir temporalmente unha praza de técnico/a deportivo.

O traballo realizarase por distintas parroquias do Concello, sendo necesario que o traballador dispoña dun vehículo para desplazarse por todo o termo municipal.

• **Requisitos:**

Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Técnico en actividades físicas e animación deportiva, ou Licenciado en educación física, ou Maxisterio (especialidade educación física).

Estar en posesión do carné de conducir B1

Titulación suficiente para o exercicio de Socorrista expedido por Organismo Oficial.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **15 de outubro de 2013**.

Máis información no BOP da Coruña do 10 de outubro de 2013 e na OMIX de Paderne, teléfono 981 797 001

Convocadas 5 prazas de auxiliar administrativo no Concello de O Pereiro de Aguiar (Ourense)

Venres, 11 Outubro 2013 09:46

O *Concello* convoca estas prazas polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 8 de outubro de 2013. BOP Ourense número 178 do 5 de agosto de 2013 e número 218 do 21 de setembro de 2013.

Convocadas bolsas de emprego de funcionarios de auxilio xudicial, tramitación procesal , xestión ad

Venres, 11 Outubro 2013 09:49

O *Goberno Autonómico de Cantabria*, convoca estas bolsas de persoal funcionario interino, publicados no BO de Cantabria o 11 de outubro de 2013.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o 31 de outubro de 2013.

Convocadas 3 prazas de auxiliar administrativo.

Luns, 14 Outubro 2013 07:32

O *Concello de Jaca (Huesca)*, convoca 3 prazas polo sistema de concurso-oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 14 de outubro de 2013.

NOVAS DE EMPREGO ➔ EMPREGO PRIVADO

Ofertas do Servizo de Emprego Público do 14 de outubro de 2013

Camareiros/as, en xeral

- Localidade: Camariñas (A Coruña)
nº oferta: 12/2013/7332
- Requisitos:
necesítanse camareiros/as.

Carpinteiros/as, en xeral

- Localidade: Camariñas (A Coruña)
nº oferta: 12/2013/7730
- Requisitos:
necesítanse carpinteiros/as. experiencia 10 anos. formación en prevención de riscos laborais. permiso de conducir.

Enxeñeiros/as informáticos

- Localidade: Vigo (Pontevedra)
nº oferta: 12/2013/7819
- Requisitos:
consultor/a senior implantador erp, imprescindible : experiencia minima de 3 anos en xestión e implantación de solucións erp,crm, bpm en pymes ou despachos profesionais, experiencia minima de 2 anos como programador.net, coñecemento de bbdd microsoft sql server, carnet conducir, inglés nivel medio e estudos superiores administración de empresas ou carreiras técnicas (informática de xestión, físicas).

Músicos/as instrumentistas, en xeral

- Localidade: Neda (A Coruña)
nº oferta: 12/2013/7878
- Requisitos:
necesítase un trompetista para unha orquestra de neda (a coruña)
Mais Información: Teléfono: 902 125 000.

NOVAS DAS CASAS DE XUVENTUDE E OMIX ➔ CASAS DA XUVENTUDE

'CREAtividades' no Espazo Xove de Ourense

Martes, 08 Outubro 2013 09:03

Xoves 10 de outubro de 10:30 a 12:00 h.

Seguimos cas nosas citas para facer algo diferente, este xoves **"traballando con feltro"**

Como ven sendo habitual, déixovos a ficha para que vos anotedes!!!
Traede o voso color de feltro favorito e facémolo xuntos!!!
Poñe-todo, baleira-petos...



EXPOSICION XUVENTUDE CREA

Mércores, 09 Outubro 2013 17:16

O *Espazo Xove de Tui* acolle desde o 10 de outubro ao 4 de novembro a exposición das obras gañadoras de Xuventude Crea 2012 na especialidade de artes plásticas.
O *Espazo Xove de Tui*, na rúa Sanz, 28 acolle a exposición itinerante dos traballos premiados na modalidade de artes plásticas (pintura, escultura e fotografía) do certame de creadores novos Xuventude Crea 2012.

As obras expostas son:

1º premio (compartido):

Andrea Valado Díaz, coa obra "Serie reminding" (fotografía)

Tania Pérez Arribas, coa obra "Domino Vs Dómina" (escultura)

2º premio (compartido):

Aída Rodríguez Donoso, coa obra "Sete ollos ven máis ca dous" (pintura)

Jacobo Lorenzo Nespereira, coa obra “Ferido” (pintura)

3º premio (compartido):

Joan Morera Arbones, coa obra “Visións da paisaxe III” (pintura)

Lis María García Calvo, coa obra “Aurora” (pintura)

Esta iniciativa está enmarcada no Circuito de Creatividade 2013, posto en marcha pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, dependente da Consellería de Traballo e Benestar.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net